

PROGRAMA


XXXIII ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ-AGAPPAZ

Reciclar, Reutilizar, Reducir, Repartir:
Repensando a Non Violencia desde o Ecopacifismo

3, 4 e 5 de maio de 2019

Residencia de Tempo Libre O Carballiño

Info: www.neg.gal



ORGANIZAN



COLABORAN



Concello do Carballiño






XXXIII ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ – AGAPPAZ



**Reciclar, Reutilizar, Reducir, Repartir:
Repensando a Nonviolencia desde o Ecopacifismo**

3, 4 e 5 de maio de 2019 | Residencia de Tempo Libre O Carballiño



PRESENTACIÓN

A científica india e ecofeminista Vandana Shiva vén sinalando desde hai anos que para evitarmos unha terceira guerra mundial teremos que procurar novas maneiras de coidar e repartir equitativamente a auga potable nesta terra, pois a auga sustenta a vida.

Polo contrario, as guerras destrúen a vida, mais a súa violencia directa constitúe un só síntoma dun *sistema-mundo* fundamentalmente inxusto. Outros síntomas maniféstanse, como explica Johan Galtung, a través da violencia cultural e estrutural da fame, da falta de atención médica, do desemprego, do analfabetismo, da xenofobia, da misoxinia detrás do feminicidio... todo iso nun contexto ambiental tan deteriorado que en termos ecoloxistas xa se fala de *ecocidio*. Ante esta realidade desconcertante e insustentable, non vale mirar para outro lado ou pensar que non temos responsabilidade ningunha.

Como educadoras e educadores, temos que imaxinar, vivir e transmitir valores, actitudes e comportamentos que enchoupen de Paz e sustentabilidade as relacións entre nós e coas demais especies, poñendo en práctica o respecto, a empatía, os coidados, a solidariedade e a nonviolencia. Isto, e non outra cousa, é educar e educámonos para a Paz: cultivar unha nova conciencia que contribúa a unha anhelada *transición ecosocial* e que denuncie a suposta necesidade de primar os gastos militares (para a morte) fronte aos gastos civís (para a vida): educación, sanidade, conservación do medio ambiente.

Por tanto, o noso cometido colectivo con este XXXIII Encontro é fomentar a cultura da nonviolencia por medio de pedagogías ecopacifistas. Este ano, o *Día Escolar da Nonviolencia e da Paz* serviunos para facer eco dalgunha das experiencias socioeducativas e comunitarias a salientar neste plano ecoloxicamente pro-activo. Por outra banda, contamos coa lembranza do *10º aniversario na nosa memoria de Suso Jares*, que sigue con nós. Somos realistas, pedimos o imposible. A imaxinación ao poder!



Residencia de Tempo Libre
do Carballiño



O Carballiño fica a 28 km ao noroeste de Ourense



XXXIII ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ – AGAPPAZ



**Reciclar, Reutilizar, Reducir, Repartir:
Repensando a Nonviolencia desde o Ecopacifismo**

PROGRAMA

VENRES, 3 DE MAIO DE 2019¹

16:45 h. Recepción e recollida de material

17:30 h. Benvida con xogos cooperativos

Dinamiza: Belén Piñeiro Álvarez, educadora social (AGAPPAZ de NEG).

19:00 h. Apertura do XXXIII Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz / AGAPPAZ:

- Representante de Nova Escola Galega (NEG).
- Belén Piñeiro Álvarez, coordinadora do grupo de traballo Educadoras/es pola Paz / Asociación Galego-Portuguesa de Educación para a Paz (AGAPPAZ de NEG).
- Representante do Movemento de Educadores pola Paz (MEP) de Portugal.
- Representantes de entidades colaboradoras:
 - Representante do Concello do Carballiño.
 - Bertila Fernández Pérez, Federación Olívica de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS) / AGAPPAZ.
 - Cathryn Teasley Severino, profesora da Universidade da Coruña / AGAPPAZ.
 - Xosé Manuel Cid Fernández, profesor da Universidade de Vigo / AGAPPAZ.
 - Representante da Residencia de Tempo Libre do Carballiño.

19:30 h. Palestra de Manuel Casal Lodeiro, promotor da soberanía alimentaria, da resiliencia sustentábel e do decrecemento (Ames, Galiza).

Tema: "A Resiliencia como alternativa a unha Sustentabilidade".

Moderan: Belén Piñeiro Álvarez e Cathryn Teasley Severino (AGAPPAZ).

20:30 h. Cea / Jantar

21:30 h. Punto de Encontro (espazo aberto para pór en común perspectivas e ideas).

Dinamiza: Branca N. Guerreiro Muñoz, inspectora educativa (Provincia de Lugo) – AGAPPAZ.

SÁBADO, 4 DE MAIO DE 2019

9:00 a 9:30 h. Almorzo / Pequeno Almoço

10:00 h. Faladoiro: "Sustentabilidade da vida nonviolenta e da paz":

- Araceli Serantes Pazos, profesora universitaria especializada en Educación Ambiental (Universidade da Coruña).

Dinamiza: Carmen Loureiro López, profesora xubilada de Educación Secundaria especializada en Filosofía (IES da Illa de Arousa).

11:30 a 12:00 h. Pausa café

12:00 h. Presentación de experiencias e comunicacións no campo de Educar para a Paz:

- Adela Pintado Pires, directora da Escola Infantil Municipal Santa Cristina e da Escola Infantil Municipal Mestres Goldar de Vigo (Proxecto de "Salvemos os Bosques", con

¹ Haberá **servizo de coidados das crianzas** durante varias sesións.



XXXIII ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ – AGAPPAZ



**Reciclar, Reutilizar, Reducir, Repartir:
Repensando a Nonviolencia desde o Ecopacifismo**

recoñecemento Suso Jares de programas e experiencias de convivencia escolar e cultura de paz, 2018-2019, de FOANPAS, Vigo).

- Concepción Sánchez Blanco, profesora universitaria especializada en Educación Infantil (Universidade da Coruña) e integrante dun proxecto de investigación de Suso Jares.
 - Representante da Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP, Santiago de Compostela).
 - Borja Mejuto Rei, representante do Plan Compost Revitaliza da Deputación de Pontevedra.
 - Alicia López Pardo, Mesa Galega de Educación no Rural (NEG) / Asociación Roxín Roxal.
- Coordinan: Belén Piñeiro / Cathryn Teasley Severino (AGAPPAZ).

14:00 h. Xantar / Almoço

16:00 a 19:00 h. Obradoiros simultáneos (1 a elixir):

- Obradoiro 1: "A fábrica dos corazóns de papel reciclado" / "Un bosque na maleta" – Brais Moure Vila, creador e educador ecopacifista (Allariz e Outeiro de Laxe, Galiza).
- Obradoiro 2: "Desde Montescola, un proxecto educativo para movimentar a sociedade fronte à enxeñaría social extractivista: A mina contamina" – Lucia R. Cao, presidenta da Fundação Montescola (Froxán, Galiza).
- Obradoiro 3: "Músicas para a paz e animación musical cos Cavaquiños" – Maria Amélia Machado Rua, Agrupamento de Escolas de Montalegre (Portugal, MEP) / Bernardo Carpenté Allegue, mestre xubilado de Educación Primaria (Vigo), AGAPPAZ.
- Obradoiro 4: "Cantamos e bailamos: muñeira e xogos" – Lourdes Lista Meira, profesora de Educación Física (Ourense), AGAPPAZ.

Coordinan: Marisa Gamallo Bouzo, mestra de Educación Primaria (Ourense) / Silvia Puga Castro, Orientadora CPI Domingo Fontán (Portas, Pontevedra) AGAPPAZ.

20:30 h. Cea / Jantar

22:00 h. Festa da Paz: 25 de abril, sempre!

Dinamizan: Bernardo Carpenté Allegue e Belén Piñeiro Álvarez (AGAPPAZ) / Mila Gregório, mestra de Educ. Primaria e Margarida Sa Pires, profesora de Educ. Física (Portugal, MEP).

DOMINGO, 5 DE MAIO DE 2019

9:00 a 9:45 h. Almorzo / Pequeno Almoço

10:00 h. Asemblea / World Café: Repensar os Encontros dinamizando o saber colectivo:

Dinamizan: Branca Nazaré Guerreiro Muñoz / Silvia Puga Castro (AGAPPAZ).

12:00 h. Presentación da Revista Galega de Educación (RGE) / Proxección do vídeo realizado e emitido pola Asociación Ponte nas... Ondas! en recoñecemento do 10º aniversario da memoria de Suso Jares.

Intervén: Belén Piñeiro Álvarez (AGAPPAZ).

12:30 h. Paseo e largada da pomba / Foto da Paz

Dinamiza: Bernardo Carpenté Allegue (AGAPPAZ).

14 h. Xantar / almoço (fin do Encontro)